



RESOLUCIÓN do 16 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproban as listas definitivas das persoas admitidas e excluídas nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de acceso ao corpo de profesores de música e artes escénicas, e de ingreso ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 7 de abril de 2017 (Diario Oficial de Galicia do 17 de abril).

De conformidade co disposto no punto 3 da base sexta da Orde do 7 de abril de 2017 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de acceso ao corpo de profesores de música e artes escénicas, e de ingreso ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, e logo de revisar as reclamacións formuladas contra as listas provisionais de persoas admitidas e excluídas que se publicou por medio dunha Resolución do 9 de xuño de 2017 no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no enderezo electrónico www.edu.xunta.es, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar as listas definitivas das persoas aspirantes admitidas e excluídas que solicitaron tomar parte nos mencionados procedementos selectivos.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulga que se lle recoñeza ao persoal interesado a posesión dos requisitos exixidos nos procedementos que se convocan mediante esta orde. Cando, da documentación que debe presentarse no caso de ser aprobado, se desprenda que non posúe algún dos requisitos, o persoal interesado decaerá de todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación nestes procedementos.





Segundo. Ordenar a publicación desta resolución e das listas definitivas de persoas admitidas e excluídas no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no enderezo electrónico www.edu.xunta.es.

Terceiro. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán formular un recurso de alzada perante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no enderezo electrónico www.edu.xunta.es, segundo o disposto no artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións Públicas.

Cuarto. No caso dos mestres, o feito de que figure a localidade solicitada non implica que sexa a localidade do exame. Esta determínase na resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se fan públicas as resolucións dos tribunais polas que se anuncian as datas, horas e lugares en que se fará o acto de presentación e se realizará a primeira proba prevista na base décimo primeira da convocatoria, así como na resolución pola que se faga pública a distribución entre os distintos tribunais das persoas aspirantes admitidas.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2017

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

